



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº10. 15 de outubro -15 de novembro de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

O comercio de Melide xa forma parte da Rede galega de Centros Comerciais Abertos

A Federación Gallega de Comercio incluíu a ASETEM no seu proxecto integrador

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM) é unha das integrantes do Pleno da nova Rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia, promovida pola Federación Gallega de Comercio (FGC) e creada en Ourense o pasado 25 de setembro.

Este organismo vai servir de organizador e de mediador único entre o comercio e as institucións, evitando a presenza de terceiros intermediarios. O presidente da FGC e outros expertos defenderon a posta a punto en Melide dun CCA xestionado desde ASETEM.

Pax. 11



O invernadoiro máis grande está en Santalla de Agrón (Melide) e mide 2.160 m²

Melisanto promove entre os seus socios o cultivo de produtos de horta

As previsións indican que no Nadal xa se poderán mercar, nas tendas e comercios da Terra de Melide, os produtos que están a cultivar os once socios da

Cooperativa que participan no proxecto. Nestes momentos estanse a construír os once invernadoiros, cunha superficie total de 14.000 m².

Pax. 4

Melide solicita un Grupo de Intervención Rápida

O conselleiro da Presidencia, Xosé Luís Méndez Romeu, comprometeuse ante a alcaldesa de Melide e o seu homólogo de O Pino a estudar a súa solicitude. Queren que os seus respectivos concellos contén cun Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR) que reduza o tempo de resposta nos casos de emerxencia.

Pax. 5

Décimo aniversario do Servizo de Normalización Lingüística de Melide

Creado en 1995, foi un dos pioneiros de Galicia. Dentro dos seus principais logros, está a consecución dunha Ordenanza municipal que regula o uso do galego no Concello, e que foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos. Cerne falou co técnico deste servizo, Xaquín Vázquez.

Pax. 9

UXT demanda ao xerente de Oromel

Primeiro por insultos, e logo por intento de agresión. Esta empresa téxtil de Melide conta xa con dúas denuncias do sindicato.

Pax. 5

Editorial

Sobre os grupos de intervención rápida...

Hai uns días dábase a coñecer a noticia de que a nosa alcaldesa, xunto co seu homólogo de O Pino, preocupáronse por conseguir algo bo para os seus municipios.

Entrevistáronse co conselleiro Méndez Romeu para solicitarlle a concesión dun Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR).

Efectivamente, Melide carece de posibilidades para atender certas emerxencias que requiren unha inmediatez de actuación. Aínda que conta cun corpo de policía municipal, é ben certo que precisaría deste persoal de apoio para reducir o tempo de espera da atención en casos de extrema urxencia.

Desde logo, aínda que sexamos veciños, no tempo en que os bombeiros ou os grupos de apoio tardan en chegar desde Arzúa, as consecuencias dun suceso poden agravarse considerablemente. Melide non pode depender de Arzúa para a atención rápida, porque as distancias fan que sexa inviable. A alcaldesa de Melide fai moi ben, e cumpre co seu deber, acudindo á Consellería ou a onde faga

falta para conseguir un GRUMIR. Desde logo, éste é o tipo de política que os melidenses agradecemos. É a clase de actuación que ten que facer a rexedora dun municipio. Ogallá todas as políticas do goberno municipal foran no mesmo sentido.

Sen embargo, non sempre é así. Aos nosos gobernantes, ás veces, dáselles por meterse un pouco onde non os chaman, coas conseguíntes consecuencias negativas para a vila de Melide. Desde aquí, dámoslles un humilde consello. Señores, fagan políticas para favorecer ao pobo, pidan brigadas de Intervención Rápida, dean axudas á educación, etc., pero deixen que os empresarios e os comerciantes da vila defendan os seus intereses por si mesmos. Asegurámoslles que, sen depender dos políticos municipais, o empresariado melidense funcionará moito mellor e, polo tanto, Melide funcionará tamén moito mellor.

*Pero vovendo ao GRU-
MIR, desde aquí tamén
queremos expresar o noso
desexo de que estas
brigadas se establezan en
Melide, e instamos ao con-*

selleiro da Presidencia, á FEGAMP, e a quen corresponda, a que fagan caso da solicitude da alcaldesa de Melide e do alcalde de O Pino.

Pero tampouco podemos obviar o feito de que esta actuación podería terse evitado. Melide xa tiña bombeiros e un grande equipo de Protección Civil. Hoxe, debido á mala política levada a cabo polo anterior equipo de goberno local, só temos un membro de Protección Civil e varios voluntarios que prestan os seus servizos durante os seu tempo libre e sen agardar nada a cambio. Todo isto, por causa da política de venta de favores e de amiguismos, típica do ex-rexedor melidense. Grazas a el, agora hai que facer números coas institucións para que se nos devolva algo que, en definitiva, xa era noso.

Só agardamos que, no caso de que chegue un GRUMIR a Melide, non se volva impoñer a política dos amiguismos para dotalo de persoal, e que se teña en conta o traballo destes voluntarios que traballan arreo polos melidenses e sen retribución algunha.

Tribuna de opinión

Secuestro de publicaciones!!!!

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Un bo día deste verán que pasou, descubrín finalmente o motivo polo cal, algúns exemplares de Cerne desaparecían dos establecementos habituais de distribución sen deixar rastro. Resulta que algunhas persoas puideron ver, nun par de ocasións, como un veciño collía os xornais dalgúns bares para, a continuación, botalos no lixo. Ao igual que lles pasará a vostedes, non me sorprendeu nada saber que se trata do grande especialista da vila en levar a cabo este tipo de accións, rancias, necias e totalmente anacrónicas e fóra de lugar.

O problema é que os anos non perdoan a ninguén e, aínda que conta cunha grande experiencia acadada cunha traxectoria impecable neste tipo de actuacións, parece que está a perder facultades, xa que non é tan hábil como para facelo sen que ningún o vexa, aínda que o intente, porque sabe que está a facer algo que non está nada ben...

*De todas maneiras, por se
acaso non o entende, eu
intentarei explicarllo
desde aquí, supoñendo
que este señor le o Cerne*

todos os meses xa que, se o bota no lixo será porque, unha vez lido, non lle gusta o que pon.

Moi señor meu, os xornais que se distribúen polos establecementos son para ler alí mesmo ou, en todo caso, para coller un e levalo para a casa. Pero de ningunha maneira son para botar no lixo en moreas, a modo de secuestro de publicacións. Estamos no ano 2005, no século XXI, noutra época moi distinta á que vostede estraña. Eu de vostede, dedicaría a miña xubilación a disfrutar da vida, a viaxar e a ver que o mundo xa non é o que era.

Quizais así poderá darse conta de que, hoxe en día, todas as ideas son legais e son lícitas, e de que xa non condenan a ninguén por pensar diferente nin tampouco se secuestra ningún tipo de publicación. Vostede xa non ten que traballar para ninguén nin ten que facer “favores” a ningún ideario político. Vai cobrar igualmente o seu soldo. Dedíquese a descansar e deixe aos demais que fagan e que pensen o que consideren oportuno. Será vostede moito máis feliz.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita. 2.000 ejemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González e Natalia Penas Varela

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños Gómez, Vanessa Martínez Iglesias,

Ángel Curtis, David Barrio, PSOE e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

- Arzúa
- Melide
- Curtis
- Teixeiro
- Boimorto
- Guitiriz

A Xustiza dá a razón ao BNG

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Houbo que agardar tres anos, pero pagou a pena. Os feitos remóntanse ao 2002, cando o ex-alcalde de Melide, Miguel Pampín, denegou ao noso concelleiro, Benedito Álvarez, o acceso a unha documentación.

Un ano despois, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza deu a razón ao BNG e obrigou ao alcalde de Melide a ensinar eses documentos. Pero faltaban poucos meses para unhas Eleccións Xerais nas que estaba en xogo o posto de senador para Miguel Pampín, e non lle convida que o BNG soubera o que pasaba coa radio municipi-

pal e as súas estrañas contas. Así, aínda sabendo que ía perder, o ex-alcalde presentou un recurso diante do Tribunal Supremo co único obxectivo de que o BNG tivera que agardar dous anos máis para acceder a esa documentación. Así foi como gañou tempo e acadou o desexado posto de senador, aínda que para iso fixera gastar moitos cartos ao Concello; pero iso pouco lle preocupaba, porque os gastos dos tribunais corrían a cargo de todos os melidenses e non afectaban ao seu peto.

Agora, a sentenza do Tribunal Supremo di que

Miguel Pampín violou o dereito constitucional dos concelleiros do BNG ao acceso á información municipal, e obriga á actual alcaldesa a ensinar eses documentos. Por fin sabemos qué pretendeu ocultar Miguel Pampín e canto gastou innecesariamente nese proceso xudicial que acaba de perder por segunda vez.

Agardamos que estas sentenzas sirvan de advertencia e de lección á alcaldesa, e que non obedeza tan fielmente o guión escrito polo ex-alcalde. Se a Xustiza deu a razón ao BNG será por algo, ¿non cren?.

Espazo reservado para o Partido Popular

Este espazo de opinión de política está reservado, coma nos anteriores números de Cerne, para o Partido Popular de Melide. Pero nesta ocasión, ao igual que nos números 4, 5, 6, 7, 8 e 9, declinou a nosa invitación a participar.

O oco aparece en branco neste número e seguirá aparecendo en números posteriores á espera de que o partido maioritario na vila queira expresar a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio, para que, deste xeito, a súa voz poida verse tamén reflectida neste medio de comunicación coma as dos demais grupos políticos.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido que goberna a vila. Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

Novos estatutos autonómicos

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

Estamos a vivir un momento histórico, un novo paso para un maior autogoberno. A nación galega, ao igual que Cataluña, contará cun novo Estatuto de Autonomía. Non hai que facer caso de quen fala de fragmentación e ruptura do Estado Español. España xa non é o país que era en 1978. O partido popular, de esencia centralista, está a difundir unha mensaxe de medo, de quebra dun sistema, de atentado contra algo que consideran inamovible e dogmático

como é a Constitución española. Esta norma fundamental admite evolucións, e permite reformas estatutarias e autonómicas cos mecanismos que ela mesma establece. Non é un escándalo debater sobre maiores cotas de autogoberno, sobre o termo nación, sobre administración dos recursos que cada autonomía xera...

E falando de recursos, vemos coma no noso país cada vez se crean máis parques eólicos, se pretenden novos encoros, as centrais térmicas de As

Pontes e Meirama seguen a contaminar unha ampla zona de Galiza, todo isto para ter maior produción de enerxía eléctrica, que exportamos ao resto do Estado sen percibir canon algún, e sen que en Galiza teñamos melloras na calidade da rede eléctrica. A produción de enerxía debería redundar en beneficio para Galiza, cousa que actualmente non se produce. Pero un maior autogoberno podería permitir un maior control na administración deste e doutros recursos propios.

Cartas á directora

Sra. Directora de Cerne-Terra de Melide e responsabeis da editora:

Coido de moito interese e necesidade de que un vindeiro Cerne poidera ser un monográfico sobre a Autovía, PORN, Polígono Industrial e PXOM. Catro temas moi puntuais, sobre todo o do PORN (Plan de Ordenación de Recursos Naturais), do que dependen, en maior o menor grao, os demais.

O goberno da Xunta de Galicia xa escomenzou a súa andaina, e os partidos, asociacións, colectivos, etc, témonos que preocupar e incidir, para retomar estes catro temas de importancia para a vertebración e desenvolvemento da Terra de Melide.

O Ministerio de Fomento está agardando polo PORN para traxer o tramo Palas de Rei-Arzúa. E tamén por mor da Rede Natura están a agardar os temas da ampliación do Polígono da Madanela, e parte da redacción do PXOM de Melide.

Por certo, que PXOM de Palas de Rei, aprobado inicialmente o 30 de setembro, contempla a Autovía polo trazado orixinal, é dicir, pola parte de abaixo, máis lonxe de Melide.

Xosé Domingos Fuciños Gómez. Presidente da Asociación Cultural "Terra de Melide".
DNI: 33200692-P

FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

Once socios de Melisanto experimentan o cultivo de produtos de horta

A cooperativa recibiu unha subvención autonómica por valor de 147.329 euros para realizar o investimento necesario
A iniciativa preséntase como alternativa á difícil etapa pola que están a pasar algunhas explotacións gandeiras

Redacción
Melide

A instalación de 14.000 m² de invernadoiros e o acondicionamento dos mesmos supón un investimento total de 288.658 euros. A antiga Consellería de Política Agroalimentaria concedeu a Melisanto unha subvención que cubre arredor do 50% do custo (147.329 euros), e o resto vai correr a cargo de cada un dos once socios implicados no proxecto. Neste mes de outubro está previsto que comecen a funcionar as once novas infraestruturas, repartidas por toda a bisbarra e arredores. Van comezar a súa andaina plantando leitugas baixo todos os invernadoiros para que, xa no Nadal, poidan estar no mercado.

Planificación dos cultivos

Aínda que cada socio implicado terá que facerse responsable dos seus cultivos, o tipo de produto e a

cantidade a plantar vai estar planificada desde a Cooperativa. Melisanto, que xunto con outras dúas sociedades da zona Norte de Galicia, teñen realizado un estudo de mercado coa finalidade de que os produtos hortícolas que se cultiven sexan os que o consumidor demanda e, tamén, que poidan estar no mercado durante o maior número posible de meses ao ano. Entre as tres cooperativas, van facilitar a comercialización do produto que saia destas plantacións, tanto no mercado local coma no da zona Norte de Galicia.

A finalidade real desta iniciativa é, segundo o xerente de Melisanto, Xosé Mella, a de “ofrecer aos gandeiros unha alternativa complementaria á súa actividade”, que non pasa polo seu mellor momento debido á liberalización do mercado, á suba das materias primas e o carburante, á supertaxa do leite, etc.



Invernadoiro en construción en Santalla de Agrón

Datos

Investimento: construción e acondicionamento de once invernadoiros (un por cada socio interesado) para a explotación de cultivos de horta.

Superficie total dos invernadoiros: 14.000 m²

Superficie de cada invernadoiro: entre 500 e 2.000 m² aproximadamente.

Custo total: 288.658 Euros

Subvención: 147.329 Euros

Situación dos invernadoiros: 3 en Melide, 3 en Santiso, 2 en Toques, 2 en Vila de Cruces, 1 en Agolada.

Un risco que hai que correr...

Este é o primeiro ano que Melisanto propón aos seus socios, e en especial aos gandeiros con explotacións pequenas, unha iniciativa coma esta. Quizais por iso non foron moitos os que se animaron a arriscar parte dos seus cartos en construír e preparar uns invernadoiros coa finalidade de comerciar cos produtos que cultiven neles. Só once dos máis de seiscentos socios cos que conta Melisanto decidíronse a dar o paso.

Un deles é José Manuel Vidal, de Santalla de Agrón (Melide), quen entende que é un risco que hai que correr pero que, ao mesmo tempo, pode ser unha forma de saír adiante distinta á produción de leite. A este gandeiro parecelle mellor, dadas as circunstancias, “investir uns cartos nisto en vez de investilos en cota láctea”.

Vivenda comprométese a reparar, este mesmo ano, as deficiencias dos pisos de Promoción Pública de Melide

Así llo manifestou o Delegado Provincial da Consellería á voceira do Grupo Municipal do BNG, Socorro Cea

Redacción
Melide

O Delegado Provincial da Consellería de Vivenda, Xoán Carlos Bascuas, comprometeuse ante a voceira nacionalista de Melide a solucionar os problemas destas 23 vivendas antes de que remate o presente ano. Polo momento, Bascuas ten xa ordenada a redacción dunha memoria que recolla todas as obras pendentes de executar neste inmovible. Unha memoria

que vai ser trasladada aos veciños para que a valoren e poidan incluír nela, se procede, algunha outra necesidade.

Despois, as obras a executar deberán ser adjudicadas a unha empresa mediante concurso, que comezará a traballar antes de que comece o 2006, segundo informou a voceira do BNG, Socorro Cea. Este compromiso do Delegado da Consellería podería pór fin a sete anos de reclamacións dos veci-

ños ante as institucións, que comezaran as súas protestas uns meses despois de tomar posesión das vivendas, en 1998.

Unhas obras comezadas en 2004

A insistencia dos veciños do inmovible, situado na rúa Cándido Paz Areas, deu os seus primeiros froitos hai dous anos, cando o antigo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) redactara un proxecto de reparación dos pisos recoñecendo neles “defectos

constructivos e/ou vicios de construción”. As obras prometidas comezaron en xaneiro de 2004, acoñecendo a reparación da fachada principal e dos trasteiros do sótano, que se inundaban con frecuencia. Sen embargo, os traballos quedaron paralizados ata este momento.

Por isto, a voceira do BNG, que xa colaborara cos veciños do inmovible noutras ocasións, trasladou un dossier explicativo co historial destas viven-

das ao Delegado da Consellería. Nel reflíctense problemas como o das familias que tiveron que cambiar ata cinco veces o parque das habitacións, debido á humidade, ou o de outros que tiveron que reparar ata tres veces a caldeira debido a unha entrada de auga pola cheminea. Asimesmo, quedan varias gretas considerables nalgúns pisos, hai zócalos da fachada caídos e tamén varias fiestras que carecen de selado.

Melide solicita unha dotación de persoal de Intervención Rápida

O conselleiro da Presidencia, Xosé Luís Méndez Romeu, comprometeuse a estudar a proposta, avalada xa por un estudo da FEGAMP

Redacción
Melide

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e o alcalde de O Pino, Manuel Taboada, cren necesaria unha reorganización dos GRUMIR (Grupos Municipais de Intervención Rápida) para que estes dous municipios contén cunha dotación deste servizo. Así llo trasladaron á Consellería da Presidencia o pasado día 7 de outubro.

As brigadas de GRUMIR están formadas por persoal especializado en primeiros auxilios que teñen como misión a atención inmediata de emerxencias civís, é dicir, a atención de calquera tipo de suceso que ocorra no municipio no que traballan, mentres non chegan os corpos específicos de atención (bombeiros, ambulancias,...). Tamén realizan os labores típicos da Protección Civil, como o apoio ao regulamento de tráfico cando hai eventos, a xestión de acontecementos, etc.

Actualmente, o GRUMIR máis cercano a Melide atópase no veciño concello de Arzúa, sede tamén do Parque comarcal de Bombeiros.



ARQUIVO PROTECCIÓN CIVIL. AÑO 2003.

Os GRUMIR servirían de apoio aos servizos existentes

Unha proposta avalada pola FEGAMP

Esta solicitude xa fora realizada anteriormente polos dous mesmos rexedores ante o anterior goberno da Xunta de Galicia. Naquel momento, o conselleiro competente, Xesús Palmou, trasladara a proposta á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), desde onde se realizou un estudo de viabilidade que deu como resultado, segundo afirma Ánxeles Vázquez, que Melide e O Pino si deberían ter un GRUMIR.

A alcaldesa de Melide argumenta esta petición no feito de que, en ocasións, “esta zona non está ben cuberta para emerxen-

cias”. Aínda recoñecendo “o excelente traballo dos bombeiros”, Vázquez asegura que, ás veces, “tárdase ata 35 minutos en chegar a unha determinada zona”, debido á distancia que separa Melide da sede do GRUMIR, en Arzúa.

No caso de prosperar a solicitude, este grupo serviría de apoio ao corpo de policía municipal, formado actualmente por oito axentes, e tamén ao de Protección Civil, que conta cun só membro acompañado de voluntarios nas fins de semana.

O conselleiro da Presidencia comprometeuse a estudar a proposta coa FEGAMP e contemplouna de xeito positivo, segundo afirmou Ánxeles Vázquez.

UXT demanda ao xerente da empresa Oromel por insultos e por intento de agresión

Interpuxeron sendas denuncias no cuartel da Garda Civil de Melide

Redacción
Melide

A primeira denuncia, por insultos e ameazas, data xa do pasado 16 de setembro. E a segunda, por intento de agresión á delegada de persoal, deriva, segundo fontes do sindicato, da publicación en prensa da primeira, e formalizouse o día 1 de outubro no cuartel da Garda Civil de Melide.

O conflito, polo tanto, comeza a mediados do mes de setembro, cando un grupo de seis empregadas da empresa téxtil melidense *Oromel*, acompañadas do delegado sindical de UXT na comarca, denuncian no cuartel da Garda Civil ao seu xerente, Luís López Oro, por insultos e ameazas. As traballadoras aseguran que o día 15 do mesmo mes, o denunciado proferiu contra elas improperios como “sois unhas lacras inútiles”, “me estais robando el sueldo”, ou “si cierro a ver qué hacéis”. Ademais, engaden que este trato é habitual por parte do xerente da empresa desde hai uns catro anos.

Nos días seguintes á formalización da demanda, a noticia aparece publicada en varios medios de comunicación con difusión na comarca, e é por isto polo que, segundo aseguran desde o sindicato, se produce un segundo altercado

que culmina coa interposición da segunda denuncia.

Ameazas, coaccións e intento de agresión

A versión das fontes sindicais conta que os feitos sucederon o pasado 29 de setembro, cando o xerente da empresa, Luís López, iniciou unha discusión coa delegada de persoal debido á interposición da primeira demanda por insultos, que ela mesma asinara con outras cinco compañeiras. Tal e como relata UXT, o denunciado “intenta abalanzarse contra a representante dos traballadores, sendo interceptado este polo administrativo da empresa, que o acompañaba naquel momento”. A continuación, sempre segundo a versión de UXT, López Oro increpou telefónicamente ao delegado sindical en Melide, David Barrio, pola publicación en prensa da noticia referida á anterior denuncia.

Todo isto derivou nunha nova denuncia ante o cuartel da Garda Civil de Melide, formalizada o sábado 1 de outubro.

Pola súa parte, o sindicato declarou o seu desexo de “que caia todo o peso da lei sobre este tipo de actuacións”, así como de que a futura sentenza “sexa unha forma exemplarizadora para novas conductas de futuro”.

Muebles PAULA

**EL CENTRO DEL MUEBLE
EN EL CENTRO DE GALICIA**

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 MELIDE (A Coruña)

FUCIÑOS RIVAS S.L.

Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)

Celta Prix fará a recollida de lixo en Melide ata 2030

A empresa, que prestará o servizo por un importe de 491.394 euros, recibiu a maior puntuación no concurso público

Redacción
Melide

A adxudicación do servizo de limpeza por 25 anos (o máximo legal establecido) resolveuse o pasado 9 de setembro, durante o pleno ordinario do Concello de Melide. O equipo de goberno anunciou que a empresa Celta Prix foi a que recibiu unha maior puntuación no concurso público convocado no pasado mes de abril.

O prego de condicións desta proba, á que se presentaron un total de seis empresas, establecía que a oferta económica da empresa valorárase cun máximo de 10 puntos, pero que o proxecto de actuación podería ter unha puntuación máxima de ata 50 puntos.

Celta Prix, que presta o servizo de recollida en Melide desde hai oito anos, vai ter un custo para as arcas municipais de 491.394 euros anuais e, en canto a proxectos de actuación, a empresa comprométese a acometer algunhas novidades.



A empresa presta o servizo na vila desde 1998

Novos servizos ofertados por Celta Prix

- Instalación de 50 novos contedores (que farán un total de 549 en todo o concello)
- Limpeza e desinfección de contedores unha vez ao mes en verán e unha vez cada tres meses o resto do ano
- Desratización
- Servizo telefónico de atención ao cidadán 24h
- Limpeza dominical despois do mercado
- Xestión do punto limpo
- Recollida de papel e cartón a domicilio dúas veces por semana en establecementos que xeren cantidades considerables deste material
- Recollida de sólidos urbanos diaria no casco, e dúas veces por semana na zona rural

Unha adxudicación non exenta de polémica

Tanto o período de adxudicación (25 anos) coma o prego de condicións do concurso foran asuntos de debate e discusión entre o goberno e a oposición municipal no pleno do pasado 27 de abril.

Tanto socialistas como nacionalistas consideraron que 25 anos é un espazo de tempo demasiado longo -o máximo legal establecido- e que sería máis oportuno adxudicar o servizo por dez anos, prorrogables ata doce, como se viña facendo ata o de agora. O equi-

po de goberno local xustificou a súa decisión alegando estabilidade laboral para os traballadores, pero a oposición lembroulle que aínda que a empresa adxudicataria do servizo cambiase, tería a obriga de acoller os traballadores da saínte.

Por outra parte, a oposición tampouco estivo de acordo co baremo de puntos establecido no prego de condicións do concurso. O BNG, en concreto, cualificouno de "sospeitoso" por valorar

só con 10 puntos de 60 a oferta económica da empresa. Os nacionalistas propuxeran naquel pleno equiparar as puntuacións por prezo e por proxecto de actuación, pero o equipo de goberno rexeitou a proposta alegando que "si queremos un buen servicio habrá que pagarlo", en palabras da voceira do PP, M^a Pilar Sánchez.

Por outra parte, tamén fora polémica a Mesa de Contratación, da que a oposición solicitara formar parte, sen éxito.

Opinión

E vostedes a pagar...

DAVID BARRIO. SINDICALISTA DA UXT

O Concello de Melide aprobou no pleno do 9-9-05 a nova concesión do servizo de limpeza. Como non podía ser doutro xeito, designouse á empresa Celta Prix.

Esta empresa ten como carta de presentación ser unhas das máis conflictivas do seu sector. Diso podemos dar fe, tanto os traballadores de aquí de Melide, como quen escribe este artigo; por cen miserables euros que pediamos de incremento botamos 18 días de folga ata poder conseguilos.

Dita concesión acábbase de outorgar por 25 anos. Descoñezoo se nalgún punto do país se asinou tal aberrante contrato. Exceptuando autopistas, aparcamentos, e outras obras de grande infraestructura ás que as administracións non poden facer fronte, xamais ningunha administración asina concesións en materia de servizos superiores a 5 ou 10 anos.

Esta concesión foi adquirida pola empresa na módica cifra de 491.394,20 euros (traducido ás vellas pesetas, 81.899.033pts). A isto hai que engadir a cantidade que paga o Concello de Santiso por estos servizos, "non esquezamos" que esta empresa co mesmo plantel, e cos mesmos camiños do Concello de Melide, tamén fai o servizo de Santiso. Polo cal, este Concello tamén paga a cantidade de 30.000 euros (en antigas pesetas, 5.000.000 pts). E xuntos, fan un total de 81.899.033 pts.

O custo mensual do plantel é de 15.362,29 euros. A isto habería que engadir

os gastos de mantemento, seguros e diesel dos camiños, posto que non podemos poñer amortizaxe, xa que os camiños son propiedade do Concello, e suman así a cantidade de 85.000 euros. Fagan vostedes as contas que a min dáme a risa. Por suposto que a estas cifras hai que engadir o IPC anual, non vaia ser que Celta Prix perda cartos.

Dentro de pouco, supoño que o Concello lles dirá que hai que VOLVER SUBIR O RECIBO DO LIXO, e vostedes, que son un pobo educado SEGUIRÁN CALADOS, ao fin e ao cabo, coa renda per capita que teñen neste pobo, que carallo lles importa cen euros máis ou menos!...

Iso si, espero que a partir de hoxe nunca máis lle protesten na feira das coles á señora que vende os repolos por subir 20 céntimos. Se vostedes como cidadáns son tan educados á hora de respectar as decisións acertadas dos seus gobernantes, sexan o mesmo cos seus conveciños.

Sigan pagando impostos e non protesten, nin esixan saber onde se meten os seus cartos porque, se ao fin e ao cabo, os poderes emanan do pobo e éste é soberano, xa vostedes están GOBERNADOS.

PD-. Perdón pola retransca, pero que máis se pode facer que rirse ante estas cousas.

Que conste que desta vez quero exculpar á man que asinou esta concesión, que neste caso quizais sexa inocente, o que pasa é que gobernar ten ás veces a complicación de ter que tragar rodas de muiño.

O Concello insta á Deputación a que amplíe a estrada Melide-Visantoña

O pleno aprobou por unanimidade esta proposta do equipo de goberno

Redacción
Melide

Todos os puntos da moción presentada polos concelleiros do PP foron aprobados pola oposición e, polo tanto, desde o Concello de Melide instan á Deputación de A Coruña (responsable desta vía) a que inclúa nos orzamentos de 2006 unha partida para ampliar a estrada C-4603, que une Melide con Ribadulla, entre os puntos quilométricos 0,5 e 10,5. Ademais, tal e como versa o punto segundo da moción, a deputada provincial Socorro Cea, concelleira melidense polo BNG, deberá preocuparse persoalmente de garantir estritamente o cumprimento deste acordo.

As razóns que, segundo o PP municipal, motivan esta solicitude son, en primeiro lugar, o “gran tránsito” que atura diariamen-

te este vieiro e, en segundo lugar, o feito de que o primeiro avance do trazo da futura autovía Santiago-Lugo prevía un enlace con esta estrada, concretamente á altura de Rendos.

Unha petición reiterada
Retómase así unha vella demanda do Concello de Melide, que xa en setembro do ano pasado solicitara da Deputación prioridade para a ampliación desta estrada. A xa entón alcaldesa, Ánxeles Vázquez, reunírase co presidente do organismo provincial, Fenández Moreda, para trasladarlle a importancia desta obra e, de paso, para lembrarlle que, o anterior executivo da Deputación (PP) xa incluía unha partida económica para a ampliación desta vía no “Programa de actuación na rede de estradas provinciais 2002-2005”.

Estúdase a viabilidade de pór semáforos nos principais cruces

O goberno local respondeu así a unha proposta dos socialistas, que ven necesaria a instalación destes sinais no cruce coa estrada de Toques

Redacción
Melide

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, comprometeuse no pasado pleno ordinario de setembro a iniciar os trámites necesarios para estudar a posibilidade de regular o tráfico do centro da vila mediante semáforos.

Foi así como o equipo de goberno municipal quixo mellorar unha proposta feita polo grupo do Partido Socialista, que presentou unha moción solicitando a instalación de sinais luminosas para regular o tráfico no cruce de Melide coa Estrada de Toques, por consideralo “perigoso” e porque “xa se ten producido máis dun accidente debido á escasa visibilidade do cruce”.

Os concelleiros do PP votaron en contra da moción, que quedou así rexeitada, pero por outra banda anunciaron a súa disposición para intentar a colocación de semáforos non só nese cruce, senón



Unha rotonda regula actualmente o tráfico do centro

nos principais puntos do centro da vila.

Para isto, segundo informou a alcaldesa, é necesario primeiro pórse en contacto cos organismos responsables das principais estradas melidenses, é dicir, co Ministerio de Fomento, coa Xunta de Galicia e coa Deputación Provincial. Estas tres institucións son, segundo Vázquez, as que deben dar o visto bó á posible colocación dos semáforos, e é por iso polo que o compro-

miso do goberno municipal comeza por “realizar os trámites necesarios”, en palabras da alcaldesa, para solicitar a estes tres organismos que estuden a posibilidade de instalar semáforos no centro de Melide. Sobre o avance das xestións, que en caso de fructificar cambiarían a xa famosa rotonda e os cruces con Stops por interseccións con sinais luminosos, seguiremos informando en sucesivos números de Cerne.

O Tribunal Supremo obriga ao Concello a facilitar ao BNG unha información requerida hai tres anos

Trátase de documentos referidos á xestión da radio municipal

Redacción
Melide

Os feitos remóntanse a finais do ano 2002, cando o entón alcalde Miguel Pampín denegou o acceso a determinada documentación solicitada polo BNG referente ás contas da radio municipal correspondentes ao servizo de publicidade, e aos contratos entre o Concello e ETT's nos anos 200, 2001 e 2002. A reacción do grupo municipal do BNG foi a de interpor un recur-

so contencioso-administrativo contra o alcalde, que resolvía o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) un ano despois a favor dos nacionalistas.

Sen embargo, Miguel Pampín non acatou a sentenza e e recorreuna ante o Tribunal Supremo, que agora, dous anos despois, ratifica a anterior decisión do TSXG e dá a razón ao grupo da oposición, obrigando á actual alcaldesa a facilitar a información

requerida polo BNG e, ademais, a pagar as costas procesais.

Os nacionalistas lamentan agora “o resultado das decisións de Miguel Pampín”, que recurrido a primeira sentenza alongou o pleito xudicial, que deriva agora no pago dunhas costas procesais “que vai asumir o Concello de Melide, e non Miguel Pampín”. Agardan ademais que isto “sirva de advertencia á actual alcaldesa”, Ánxeles Vázquez.

O Valedor do Pobo tramita unha queixa do BNG

As reticencias que, segundo os nacionalistas, presenta a alcaldesa de Melide para facilitar o acceso a información municipal, é de novo motivo de conflito. O Valedor do Pobo aceptou a trámite unha queixa do BNG na que denuncian que Ánxeles Vázquez denegou o acceso a un informe de intervención

referido ao último recoñecemento extraxudicial de créditos (feito en xuño deste ano). A alcaldesa asinou un decreto no que retrasa o acceso da oposición a este documento ata o 26 de decembro.

A queixa do BNG refírese tamén á tardanza “habitual” da alcaldía en facilitarlles calquera tipo de información.

O Concello concede 3.000 euros para rehabilitación de vivendas no casco histórico

Só dous veciños solicitaron esta axuda

Redacción
Melide

Ao igual que o ano pasado, o Concello de Melide destina neste exercicio unha partida orzamentaria de 3.000 euros para a rehabilitación de edificios situados na zona vella, que teñan dez anos ou máis e que se adapten á “tipoloxía propia da zona”, segundo versa a convocatoria publicada no BOP do 17 de setembro.

Ata o día 3 de outubro, data final do prazo de solcitude, só dous veciños se interesaron pola concesión desta subvención, que pode ascender ata o 40% das obras de rehabilitación, cun máximo de 1200 euros por edificación, para



O obxectivo é “acadar o embelecemento” da zona

traballos realizados durante o presente ano 2005.

As axudas van destinadas a obras concretas especificadas na convocatoria: traballos nas fachadas de pedra, carpintería exterior

en madeira, PVC ou aluminio lacado en fiestras ou portas, canalóns en aluminio ou cobre e substitución de carteis ou rótulos por outros de materiais tradicionais.

Máis de dez escolares reciben este ano subvención do Concello

As axudas ascenden a 3.000 euros e teranse que xustificar antes do vindeiro 1 de decembro

Redacción
Melide

O venres 30 de setembro pechouse o prazo para solicitar as axudas municipais para material escolar.

En total foron 12 as solicitudes presentadas para optar a esta axuda que ascende a 3000 euros. Unha contía que se reparte en partes iguais entre os beneficiarios dacordo co número de fillos en idade de escolarización obrigatoria ou infantil que teña cada unha.

As axudas ían dirixidas a tódolos alumnos de educación infantil, ensinaza obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos que cursen os seus estudos en



As axudas non son compatibles coa gratuidade dos libros

calquera dos centros do municipio. Os interesados deben estar empadroados en Melide e non poden ser beneficiarios do programa de gratuidade de libros da Consellería de Educación. Ademais, a a unidade familiar non pode superar a renda per

cápita de 1900 euros no ano 2004.

A notificación das subvencións concedidas farase a todo os solicitantes antes do 30 de outubro.

Os beneficiarios terán que xustificar as axudas antes do vindeiro 1 de decembro.

A plataforma “Autovía por Melide” reclama que se axilicen os trámites do PORN

Actualmente agarda a resolución das alegacións

Redacción
Melide

A directiva do colectivo veciñal da Plataforma “Autovía por Melide” reuniuse o pasado venres, 14 de outubro, para concretar actuacións de cara a acadar unha axilización da resolución definitiva do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) da Serra do Careón.

A convocatoria de eleccións anticipadas e o cambio de goberno na Xunta de Galicia paralizou os trámites deste documento na Consellería de Medio Ambiente, que agora deberá retomar o tema.

As últimas informacións oficiais sitúan os trámites á espera da resolución das alegacións presentadas no mes de marzo polos

Concellos implicados, entre eles o de Melide, que solicitara unha ampliación da franxa liberada polo documento preliminar do PORN. De aceptarse esa alegación, sería posible o paso da futura autovía Santiago-Lugo a través da Serra do Careón, así como a ampliación do Polígono da Madanela.

Así pois, a xunta directiva da Plataforma acordou levar a cabo accións para instar ao departamento medioambiental da Xunta, encabezado agora polo socialista Manuel Vázquez, a que resolva definitivamente as alegacións para poder así continuar coa loita polo cambio de trazado, que pasaría entón ao Ministerio de Fomento.



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3ª Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

Falamos con Xaquín Vázquez, técnico deste departamento desde a súa creación en 1995

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Melide cumpre dez anos



Xaquín Vázquez

Ledicia Trillo
Melide

Que primeira valoración faría vostede destes dez anos?

Eu creo que, desde que o servizo de normalización lingüística se puxo en marcha, hai un antes e un despois no Concello, lingüísticamente falando. Antes facíase practicamente todo en castelán, e nestes momentos existe unha ordenanza lingüística que fai que o galego sexa a primeira lingua, a lingua normal de uso no Concello de Melide. O castelán fica só como lingua de tradución, que se usa só cando un cidadán ou cidadá o demanda formalmente, atendendo ao dereito que ten de usar calquera das dúas linguas oficiais. Eu creo que, realmente, o cambio é tremendo.

¿Cal é o traballo diario do técnico de normalización lingüística?

Por un lado, facemos traballos relacionados co *corpus* da lingua, é dicir, tarefas de corrección de textos municipais, traducións, e cursos de formación de tres tipos: iniciación, perfeccionamento e linguaxe administrativa.

Por outro lado, están as tarefas que teñen que ver co *estatus* da lingua, é dicir, as campañas de sensibilización, como é a elaboración do calendá-

A administración local melidense foi unha das primeiras de Galicia en incorporar nas súas dependencias un servizo de Normalización Lingüística para incentivar o uso do galego a nivel municipal.

Este ano cumpre a súa primeira década de existencia ininterrompida, con moitos obxectivos xa acadados e con outros nos que se segue a traballar. O filólogo Xaquín Vázquez contounos nos como funciona este servizo.

rio que levamos facendo desde hai cinco anos, e outras,...

Cales foron os obxectivos fixados no momento da creación do servizo?

O obxectivo inicial era o de incrementar o uso do galego a nivel municipal e cumprir unha normativa mínima como que as actas, por exemplo, estivesen en galego.

Pouco a pouco, ese obxectivo foise ampliando ata chegar á elaboración dunha ordenanza de normalización lingüística no ano 2000, que obriga por norma, de maneira legalizada, a que toda a documentación municipal teña que estar escrita en galego. Conseguiuse que, por

unanimidade, todo o mundo acepte o galego e que na escrita sexa a lingua normal de uso.

¿Que é o que queda por facer, o que hai que mellorar?

Pois hai que involucrar, aínda máis, á cidadanía. Se a nivel interno está bastante desenvolvido o uso do galego, a nivel externo hai que facer máis fincapé. É dicir, se desde dentro do Concello se intenta dar unha resposta en galego a todo, falta que a cidadanía tamén se implique e que toda a documentación que achegue sexa tamén en galego, xa sexa urbanística, xurídica ou de calquera outra materia.

Isto non é tan sinxelo, e

non se fai dun día para a noite porque a xente non está acostumada a traballar en galego con linguaxes técnicas, pero é iso realmente no que temos que traballar todos agora, tamén desde arriba.

Que debo facer agora para rematar a entrevista; desexarlle outros dez anos de vida a este servizo, ou desexarlle a súa desaparición por non ser necesario?

A mellor noticia para a lingua sería a de que “o servizo de normalización lingüística non fai falta, porque a lingua está totalmente normalizada”. E a min que me poñan a facer fotocopias (risos) que non hai problema ningún...

A situación actual da lingua

“Para min, falta vontade e concienciación”

Como filólogo, como ves o galego hoxe na Terra de Melide?

Nesta comarca o galego está relativamente ben. Sectores moi desgaleguizados a nivel de Galicia, como é o da mocidade, aquí conservan a lingua. Non só a usan os maiores de 65 anos, senón tamén os rapaces e os nenos máis pequenos.

No nivel socioeconómico, hai diferenzas entre o uso oral e o uso na escrita. É dicir, eu vou a un banco e aténdenme en galego sen problema, e tamén se vou mercar unha camisa ou se vou á foitería. A xente do comercio fala galego, pero a nivel de escrita hai

moitísimo que mellorar, é aí onde está o problema maior.

E a nivel xeral, como está o galego en Galicia?

En liñas xerais, eu creo que non está na mellor situación porque falta vontade e concienciación. Temos que darnos conta da importancia que ten o galego, que é algo noso, un dos sinais de identidade máis importantes que temos. Agora estámonos lamentando porque se derrubou igrexa de San Pedro, unha igrexa do século XIII, gótica, preciosa... Pois derrubouse nos anos cincuenta e agora todo o mundo se lamenta.

Pois temos que procurar non ter que lamentarnos do derrubamento dunha lingua románica, porque aquí, na Gallaecia romana, naceu a segunda lingua románica máis falada do mundo, que é o portugués. Que nós demos orixe á segunda lingua románica máis falada do mundo, e que é unha pena que non teñamos moitísima máis conciencia da súa importancia e, sobre todo, da riqueza que supón. Cantas comunidades darían moito por ter unha lingua propia? Pois aquí temos unha, unha lingua que o pobo soubo crear e que tamén soubo manter.

A Deputación achega 12000 euros ao Servizo

Redacción
Melide

A Deputación de A Coruña aproba 12000 euros para o mantemento das actividades do Servizo de Normalización Lingüística de Melide a prol do galego.

As achegas aprobadas forman parte dunha nova liña de subvencións da corporación provincial para axudar a manter estes servizos municipais creados en 27 concellos de A Coruña.

Melide sitúase entre os concellos da zona de influencia de Santiago que máis cartos recibe. Xunto ao concello da capital galega, Teo e Vedra, vai percibir un total de 12000 euros. Contía que se debe a que o concello melidense conta con persoal contratado a xornada completa no seu Servizo de Normalización Lingüística.

Esta achega económica súmase á recibida o pasado ano, no que a Deputación destinou 6000 euros ao Servizo de Normalización Lingüística de Melide para a edición, por cuarto ano consecutivo, dun calendario. Estas subvencións pretenden ser unha importante axuda para a difusión e o fomento da lingua galega. Os 27 concellos que contan cun Servizo de Normalización Lingüística recibirán no seu conxunto 295.200 euros. A vixencia deste convenio será por un período de doce meses.

Trece novas marquesinas para a Terra de Melide

A Deputación instalounas nas súas estradas antes do comezo do curso escolar



Nova instalación na estrada Melide-Ribadulla

Redacción
Terra de Melide

Todos aqueles que soen facer uso do transporte en autobús pola comarca puideron xa comprobar a presenza das novas instalacións outorgadas pola Deputación da Coruña a mediados do mes de setembro. Trátase de trece novas marquesinas, que substitúen a outras que estaban en mal estado e que se distribúen por tres concellos da Terra de Melide.

Toques ten dúas instalacións novas, ao igual que o concello de Sobrado. Sen embargo, non hai nin-

gunha marquesina nova en Santiso porque, segundo fontes da Deputación, este concello “non fixo ningunha solicitude”.

O Concello de Melide é o máis beneficiado da bisbarra. Conta cun total de nove marquesinas a estreir, distribuídas en catro estradas xestionadas pola Deputación. Hai unha nova na vía que vai de Melide a Toques por Figueiras, outra na que vai de Furelos ao Meire, tres na estrada de Melide ás Pías por Toques, e catro máis na de Melide a Ribadulla.

Máis de cen mil euros para servizos sociais

Sobrado recibe a partida máis alta: 28.258 euros

Redacción
Terra de Melide

A Deputación de A Coruña aprobou unha subvención de 100.370 euros para a creación ou mantemento de servizos sociais municipais nos Concellos da Terra de Melide. As cantidades

máis altas van para Sobrado e Santiso, con 28.258 e 28.257 euros, respectivamente. Toques leva a partida máis pequena, de 18.240 euros, e Melide queda con 25.612, pero recibe tamén 3.700 euros para o Centro de Discapacitados.

Varios dos afectados polo futuro encoro Seixo-Belmil venderon xa os seus terreos

O presidente da Asociación “Vilas do Ulla”, creada en abril para evitar a instalación da minicentral de Fenosa, tamén cedeu as súas propiedades

Redacción
Santiso

Desde que en abril deste mesmo ano se creara a asociación veciñal “Vilas do Ulla” coa intención principal de impedir a construción do encoro, as circunstancias pintan cada vez mellor para Fenosa.

Naquel momento, membros da directiva da asociación declaraban a Cerne que non estaban dispostos a vender os terreos que a eléctrica precisa para pasar unha liña de alta tensión, nin a negociar de xeito individual coa empresa compradora. Dispoñíanse a consultar con avogados as súas posibilidades e a intentar, no último dos casos, conseguir as mellores condicións se tiñan que chegar a unha expropiación forzoza.

Sen embargo, dos arredor de 105 afectados que participaron na creación da asociación, moitos deles xa teñen vendidos os seus terreos á empresa encargada de negociar as compras. Concretamente, os afectados das parroquias de Santiso e de Belmil venderon todos, incluído o que figura como presidente da Asociación “Vilas do Ulla”, o concelleiro independente Ovidio Leiva. Éste argumenta a súa decisión no feito de que todos os demais veciños da súa parroquia (Belmil) decidiron vender os terreos porque “vanos pagando razoablemente ben”, e que, polo tanto, “non ía quedar eu só”. Ademais, Leiva indica que as vendas que se están a facer son “de particular a particular”, porque é unha empresa privada a que compra e



A futura presa sitúrase preto do parque da Cornella

porque Fenosa aínda non ten definido un trazado concreto para o paso da liña de alta tensión ou, cando menos, o proxecto non figura oficialmente na Consellería de Industria. Ao igual que Ovidio Leiva, outros moitos propietarios cederon xa as súas terras nas parroquias de Ribadulla e de Visantoña, pero non así os de Beigondo, outra das parroquias polas que está previsto que pase a liña de alta tensión para a minicentral.

Esta circunstancia non foi ben acollida por algúns membros da Asociación recién creada, como o secretario da mesma Luís García Campos, quen considera que perdeu o tempo “co papeleo” para despois “ter que quedar mal diante da xente por culpa dos que tiveron tanta prisa por vender”.

García Campos asegura que “a asociación foi creada para presionar os compradores e para tentar sacar o máximo rendemento posible da instalación da central”. Polo tanto, cre que o máis apropiado sería non vender “coa primeira oferta que se

presente, aínda que sexa ben boa”.

Dadas as circunstancias, Luís García Campos cre que a Asociación xa non ten razón de ser. Sen embargo, o presidente da mesma, Ovidio Leiva, considera que as accións do colectivo aínda están por chegar; “unha vez Fenosa presente o proxecto en Industria e se expoña ao público, nós podemos presentar alegacións”.

En definitiva, a empresa compradora continúa a adquisición de terreos a un prezo medio aproximado de 1.000 por ferrado. Dado que a licencia de obra para Fenosa está concedida polo goberno local santi-sense desde o mes de marzo, agora só queda comezar as obras que culminarán coa creación dun novo encoro no río Ulla, dentro do proxecto de Fenosa coñecido como “Plan de aproveitamento integral da conca do río Ulla”.

O encoro medirá 5 metros de alto desde o cauce do río por 75 de ancho, e a liña de alta tensión ocupará 30 metros de ancho e afectará a seis parroquias de Santiso.

ASETEM integra a Melide na Rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia

Outras 41 agrupacións comerciais da Comunidade Autónoma forman parte deste novo organismo

Redacción
Melide

O comercio de Melide está xa incluído na recién creada Rede de Centros Comerciais Abertos e Áreas Comerciais Urbanas de Galicia. O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), José Antonio Rodríguez Álvarez, acudiu nos días 24 e 25 de setembro ao I Simposio de Centros Comerciais Abertos (CCA), celebrado no ourensán Parador de Santo Estevo a iniciativa da Federación Gallega de Comercio.

Alí tivo lugar a constitución desta nova Rede de Centros e dos seus órga-

nos de goberno, o Consello e o Pleno, do que ASETEM xa forma parte. Estiveron presentes representantes doutras 41 asociacións e centros comerciais abertos, así como o presidente da Federación Gallega de Comercio, José María Seijas, e o delegado da Consellería de Innvación e Industria en Ourense, Xosé Antón Jardón. Entre todos, asinaron a constitución deste novo organismo, que ten como obxectivos os de defender e tutelar os intereses comúns dos seus membros, promocionar de maneira conxunta as actividades que se poidan desenvolver nas áreas comerciais, e tamén o de servir



ASETEM forma parte do Pleno desta nova Rede

de mediador único entre os Centros Comerciais Abertos e as institucións. O presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez Álvarez, amósase satisfeito por "ter logrado desde esta asociación un proxec-

to firme de CCA para Melide sen pedir achegas económicas a ningún comerciante", así como por "ser membros pioneiros dunha rede recién creada e apoiada pola Xunta de Galicia".

“Un CCA libre e sen condicionantes institucionais en Melide”

José María Seijas e outros expertos cuestionan a viabilidade dos proxectos de financiación mixta

Redacción
Melide

Nun encontro con comerciantes de Melide en ASETEM o pasado 6 de outubro, o presidente da Federación galega de Comercio, José María Seijas, destacou que “os CCA deben ser entidades autónomas con directivas libres”. Unha idea que tamén defendeu o xerente de Compostela Monumental, José Angel Blanco, e o presidente de CCA Calle Barcelona, Xosé Manuel Martínez. Segundo Blanco, os proxectos comerciais “que nacen mal, como a iniciativa mixta estudada en Melide, teñen unha reputación en entredito”. O presidente do CCA Calle Barcelona, Xosé Manuel Martínez afirmou que co apoio da Federación



Galega de Comercio, o proxecto comercial de Melide é factible e beneficioso para os comerciantes sempre que “se faga con cautela perante a quen busca máis que un interese comercial”. A este respec-

to, Xosé Anxel Blanco advertiu que o CCA presentado por outra asociación da vila “trátase dun fraude e dun engano”, no que está implicado o ex presidente da súa entidade, Javier Freire, inmerso nun

pleito xudicial pola xestión fraudulenta do seu mandato.

Os tres poñentes defenderon o impulso do CCA de Melide baixo o amparo de ASETEM, asociación integrada xa na Rede galega.

CUESTIONARIO

“O Centro Comercial Aberto de Melide xa existe”

José Antonio Rodríguez Álvarez.
Presidente de ASETEM



Acudiu vostede, en nome de ASETEM, ao I Simposio de Centros Comerciais Abertos de Galicia. Que conclusións sacou del?

Ademais de aprender moito de algúns poñentes expertos no tema, acabei de convencerme de que o mellor método de funcionamento dun CCA pasa pola cohesión de todos os que existen en Galicia en torno a un único órgano de contacto coas institucións. Neste caso, ese órgano é a Federación Gallega de Comercio, da que ASETEM forma parte desde hai anos.

Por que cre vostede que é bo que Melide forme parte da recién creada Rede de CCA's?

Polo ben do comercio, porque deste xeito podemos importar aquí ideas exitosas que existen noutros lugares, cos beneficios que conleven. Dentro desta rede podemos conseguir cambios en infraestructuras, mobiliario urbano e calidade do comercio, en xeral.

Que queda por facer para que o CCA de Melide exista na práctica, e non só na teoría?

O CCA de Melide xa existe na práctica. Agora só queda traballar arreo para mellorar a calidade do comercio. Desde ASETEM xa estamos programando actuacións concretas, que se irán coñecendo proximamente. Son iniciativas que teñen que ver con programas de animación na rúa, incentivación de actividades innovadoras, atractivas para a mocidade, etc.

Bertocar: Motor de confianza de FIAT en Melide desde 1990

Cando Bertocar abreu as súas portas en Melide no ano 1990, Fiat era unha gran descoñecida no mercado automobilístico da comarca. Pero o traballo constante e o respecto co que Maricarmen Vázquez e o Roberto Lema tratan aos clientes consolidaron o prestixio da marca italiana entre os melidenses.

Ademais, o coñecemento empresarial e a paixón polo mundo do motor que cada un deles achegan á empresa animounos a que o pequeno taller de reparacións que ían montar ó regreso

á nosa terra, se convertese nun concesionario de venda de coches novos, usados e industriais. Un servizo oficial dunha marca internacional no que se garante ademais un servizo postventa que respalde ao cliente cando ten un problema.

Bertocar é mostra de como, a pesar de partir de cero, o traballo constante e a aposta polas novidades do mercado poden triunfar. Éxito que Fiat premiou con varios recoñecementos por "obxectivos en vendas e recambios".

Natalia Penas

Melide

O do automóbil é un sector competitivo no que cada día saen novas marcas ao mercado e no que as concesións se aglutinan nos municipios como Melide. Pero para triunfar non só basta con vender coches. Hai que vender garantía e confianza, sabendo escoitar o que o cliente quere.

En Bertocar, Mari asegura que para vender "máis coches non hai que falar mal das outras marcas. Hai que explicar qué ten o coche que ti queres vender, as súas vantaxes, as súas características. Hai que vender o que temos". Pero ademais, boa parte do éxito dun concesionario radica na confianza que o cliente teña na empresa, por riba incluso da marca. Confianza que en Bertocar supuxo anos de traballo e formalidade empresarial, pero cun esforzo a maiores, polo feito de ser muller.

A primeira muller vendendo coches

Cando comezaron en 1990, Mari era a primeira muller que vendía coches en Melide, e "moitos pensaban que non estaba capacitada para facelo", asegura.

Escoitar ao cliente e asesoralo con criterio na súa compra foron as claves do seu triunfo e a súa consolidación neste mundo que ata entón só era de homes. Valores que ademais hoxe a capacitan para conseguir que un cliente "vexa que ten unha idea equivocada e que precisa putro coche e non o pide. Aínda que é libre de mercar o automóbil que queira. Nunca hai que enganar ao cliente". Esa é a estratexia que define a esta empresaria pioneira no sector. Asegura que "co traballo constante venceu as dificultades que lle poñían polo feito de ser muller".



Bertocar consolidou a confianza de Melide na Fiat convertíndoa nun referente

Formación ao servizo da seguridade

Por outra banda, os clientes hoxe buscan seguridade, e os servizos adicionais que oferta a empresa son unha esixencia do propio mercado. En Bertocar, saben que son parte dos piares que sustentan os bos resultados da empresa, por iso, ofertan un servizo de postventa que pretende respaldar ao cliente cando ten un problema. Cando o cliente compra en Bertocar tamén compra seguridade.

Os novos coches están preparados para responder pola seguridade dos pasaxeiros na estradas, pero a posta a punto dos vehículos é indispensable para o seu bo funcionamento.

Por iso ser un bo profesional require dunha renovación constante dos coñecementos. "De cada modelo novo que sae vaise a un curso para estar ao día tanto en vendas como en mecánica", asegura Mari. A formación é algo fundamental para poder atender ao cliente.

"A tecnoloxía automobilística avanza tan rápido, que se non te renovas non estás preparado para reparar un coche con plena seguridade para o consumidor". Logo de 15 anos en Melide e dous concesionarios avalan a seguridade, a calidade de Bertocar.



En 2004 ampliaron a oferta de coches con KIA e Suzuki



O servizo postventa garante a seguridade do cliente

ASETEM oferta prazas para cursos de informática e de inglés comercial básico

Dirixidos a persoas en activo, os interesados deberán apuntarse nas oficinas da asociación antes do 1 de novembro

Redacción
Melide

Antes do 31 de decembro deste ano, e se se enche o cupo mínimo de 15 alumnos, o local da Asociación de Empresarios Terra de Melide acollerá dous cursos de formación para persoas en activo (empresarios ou empregados); un de informática no nivel básico e outro de inglés comercial, tamén básico. Son as dúas propostas que saíron elixidas como máis interesantes da xuntanza mantida entre os socios de ASETEM e os responsables da empresa de formación o pasado 29 de setembro.

Deste xeito, as empresas interesadas terán a posibilidade de facer uso, sen ter que desprazar fóra de Melide, da cantidade económica que, automaticamente, se lles asigna para formación desde que entrou en vigor a nova Lei de Formación Continua. Para isto, ASETEM estableceu un convenio de colaboración co Centro de Formación ICA, homologado para xestionar e impartir os cursos.



Os cursos vanse impartir antes do remate deste ano

Como funciona o novo sistema de formación?

A Nova Lei de Formación, que xa está en vigor, establece que cada empresa conta cun crédito concreto para a súa formación. A contía do mesmo calcúlase en base á cota para a formación profesional, tendo en conta distintos baremos, como por exemplo o número de traballadores cos que conta a compañía.

Isto significa que cada empresa ten dereito a realizar determinados cursos de formación con diñeiro que lle será descontado do TC2 (cotas da Seguridade Social) do mes posterior. Necesariamente, hai que gastar esa cota antes do 31 de decembro de cada ano e, no caso de non ser así, a cota perderíase quedando inutilizada. Isto é, a formación non ten coste adicional para a empresa, xa que se desconta dunha cota que

lle vén dada para esta finalidade en exclusiva.

Canto diñeiro se destina a cada empresa?

Aproximadamente, as empresas que teñen entre un e cinco traballadores, dispoñen de 420 euros anuais para formación. Para empresas con maior número de empregados, é necesaria a autorización expresa do empresario para poder consultar a contía da cota.

Se algunha das empresas asociadas a ASETEM quere saber cal é a contía exacta coa que contan para formación, ou se queren informarse máis polo miúdo sobre este tema, non teñen máis que pasar polas oficinas da Asociación de luns a venres entre as 10 e as 13 horas, ou chamar ao número de teléfono 981 506188 dentro do horario antes citado.

As 15 alumnas do curso de Xerocultura buscan emprego

O 43% das participantes nos cursos "Proximitas" de toda a provincia xa teñen traballo

Redacción
Melide

O curso de Atención a maiores/ Xerocultor, que se impartiu en Arzúa, chegou ao seu fin xunto cos demais cursos incluídos dentro do programa "Proximitas" da Deputación, dirixido a mulleres desempregadas. Un total de 15 alumnas de Melide, Toques, Sobrado, Arzúa e Boimorto beneficiáronse desta formación que agora, esperan, lles pode abrir as portas do mercado laboral. A próxima apertura, prevista para os primeiros meses de 2006, de cadansúa residencia de maiores en Melide e en Arzúa, pode supor unha oportunidade

para estas 15 mulleres, que segundo conta a deputada Soqui Cea, "teñen as súas esperanzas depositadas niso".

De feito, do total das 445 participantes nos 12 cursos "Proximitas" que se celebraron en toda a provincia da Coruña, xa conseguiron emprego 191 delas, é dicir, un 43%. Estes datos facilitounos o mesmo presidente da Deputación coruñesa, Salvador Fernández Moreda, no acto de clausura dos cursos, celebrado no Pazo de Congresos da cidade herculina o pasado 4 de outubro.

Os cursos "Proximitas" supuxeron un custo total de 1,6 millóns de euros.

ASETEM acolle o último curso de Manipulador de Alimentos do ano



Outros quince alumnos, traballadores do sector de hostaleiría ou alimentación, obiveron o seu diploma de Manipulador de Alimentos en ASETEM o pasado luns, 3 de outubro. Este é o cuarto curso que se oferta desde esta asociación -autorizada para outorgar este documento obrigatorio- neste ano 2005, e o último da tempada. Para o ano 2006, de novo volverá haber cursos de Manipulador de Alimentos cada tres meses, comezando polo de xaneiro. Para apuntarse, poden comezar desde este momento, pódose en contacto coa Asociación no teléfono 981 506188.

INSCRICIÓN

Horario: de luns a venres de 10h a 13h.

Lugar: Oficinas de ASETEM.
R/ Lino Sexto
Sánchez 9, baixo.

Telf: 981 50 61 88

Prazo: Ata o día 1 de novembro de 2005

A Deputación concede axudas a diversas entidades da comarca

A partida ascende a 185.750 euros, repartidos entre os catro concellos

Redacción
Terra de Melide

Asociacións culturais, deportivas e sociais da Terra de Melide van recibir axudas económicas da Deputación Provincial de A Coruña, segundo acordou a comisión avaliadora deste organismo o pasado 20 de setembro.

A partida aprobada ascende a 185.750 euros, que se van repartir entre os catro concellos. Santiso levará 14.986 euros, Toques 4.098, e Sobrado dos Monxes 19.762 euros.

O Concello de Melide vai ser o máis beneficiado por estas axudas. Un total de 56.901 euros vanse repartir entre asociacións de veciños, APAS de coleiros, asociacións de amas de casa, bandas de música, asociacións de empresarios, de cazadores, corais, equipos de fútbol, ciclismo, etc. Tamén se vai destinar parte desta partida a

particulares, para melloras de camiños, reparacións de igrexas, traídas de augas, recuperación de muíños, melloras en locais sociais e obras parroquiais semellantes.

Axudas ao Museo e á Sinfónica

Entre todas as subvencións aprobadas polo organismo provincial, destacan os 60.000 euros que vai recibir a Orquestra Sinfónica de Melide, segundo un convenio aprobado polo Pleno Provincial. E tamén destaca a partida destinada ao Museo Terra de Melide, que ascende a 30.000 euros para o seu mantemento e mellora, a mesma cantidade que recibira xa o pasado ano. Isto débese ao convenio existente ente a Deputación Provincial e a Asociación de Estudos Melidenses.



O Museo da Terra de Melide permanece pechado en outubro porque está en obras. Consisten na colocación de madeira de piñeiro no chan e nas escaleiras, e na instalación de pasamáns de aceiro e cristal en todo o edificio. Tamén se están a pechar varias vitrinas con cristal para evitar o deterioro das pezas. Son obras financiadas coa subvención de 30.000 euros concedida pola Deputación Provincial de A Coruña.

A actuación dun grupo de gaiteiros irlandeses encheu a igrexa parroquial

Foi un acto organizado pola escola de gaitas "Axóuxere" e pola Asociación Cultural "Terra de Melide"

Redacción
Melide

O grupo irlandés *Curragour Pipe Band*, da localidade de Limerick, estivo en Melide o pasado 23 de setembro. Tras un vistoso desfile pola rúa, desde o Cantón de San Roque ata a Igrexa do Santi Spiritus, actuaron no templo ante o numeroso público que asistiu. Outros cinco grupos locais acompañaron aos irlandeses ofrecendo tamén as súas pezas, entre eles os organizadores do evento, a escola de gaitas *Axóuxere*. Tamén actuaron *Os Melidaos* e o grupo *Castelo*, de Melide. E, do mesmo xeito, tamén estivo presente o grupo *Bico da Balouta*, de Agolada, xa que a xira dos *Carregour Pipe Band* por Galicia foi a devolución da visita que os de Agolada fixeron a Limerick o ano pasado, mediante unha subvención da Deputación de Pontevedra. Por isto, ademais de ofrecer a súa actuación en Melide, os irlandeses estiveron tamén en Agolada e na Festa das Doras de Lalín.

O grupo *Curragour Pipe Band* naceu non ano 1978 e está composto por un grupo de profesionais que ensaian e actúan xuntos. Un deles, ademais, dá clases de gaita escocesa en Xapón.

Ao final de todas as actuacións na igrexa parroquial, o grupo organizador do evento, *Axóuxere*, fixo entrega dun agasallo aos irlandeses. Tamén o Concello de Melide, que colaborou na organización, quixo ter un detalle co grupo extranxeiro.



Desfile dos *Curragour Pipe Band*

Melide homenaxeou ao pasionista Padre Jorge

A Asociación Cultural "Terra de Melide" foi tamén parte organizadora destoutro evento, que tivo lugar en Melide o pasado 18 de setembro.

O Padre Pasionista Jorge López Neira foi destinado ao extranxeiro, concretamente á capital peruana, Lima. Este é o motivo principal polo que un grupo de persoas de Melide decidiron homenaxear a este párroco ofrecéndolle un "Xantar de Amizade" nun restaurante da vila.

Algúns datos biográficos

O agora coñecido como Padre Jorge naceu en Boqueixón (A Coruña) en 1935. Comezou os seus estudos eclesiásticos en Mondoñedo e terminounos en Roma, onde obtivo a Licenciatura en Filosofía e a Diplomatura en Economía Social e Cooperativismo. Estivo catro anos como docente en Navarra e despois chegou a Melide, onde pasou

outros quince anos.

Na nosa vila, este Padre da Congregación Pasionista foi Director do colexio internado da Priorada, e tamén foi profesor do Colexio Libre Adoptado de Melide "Diego Salas Pombo", que constituíu un primeiro paso para o que sería o futuro Instituto.

Na Terra de Melide, colaborou na creación das granxas cooperativas gandeiras de Santa Uxía do Monte e de Compostela, e tivo un importante papel tamén na proliferación pola zona de moitas cooperativas textís.

Ademais, foi fundador do grupo de gaitas *Froito Novo* e colaborador do "Teleclub Priorada", e tamén actuou como correspondente na zona do diario La Voz de Galicia nos anos setenta, baixo o pseudónimo de "Gulliver Ferreiro".

Nestes momentos, levaba 21 anos como párroco en A Coruña, e agora marcha xa cara Lima (Perú).

A asociación de troiteiros retira máis de dúas toneladas de lixo do río Furelos

As xornadas de limpeza repetíranse o terceiro sábado de cada mes para que haxa un seguemento constante do río e evitar así novos verquidos

Redacción
Melide

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos e voluntarios do municipio retiraron máis de dúas toneladas e media de lixo do río logo de tres xornadas consecutivas de limpeza.

Baixo o lema "Dalle vida ao río", os participantes nos traballos de limpeza quixeron demostrar a todos os melidenses o lamentable estado do Furelos, e denunciar o dano que se lle fai á paisaxe da vila e ao entorno ambiental.

A primeira xornada de limpeza, o día 27 de agosto, foi na que maior cantidade de lixo se retirou, dúas toneladas en total. Neste sábado, voluntarios e troiteiros recolleron unha gran variedade de despoños, entre os que destacaban un colchón, unha neveira, unha moto, un berce, unha cadeira de ferro, varias rodas de camión e dúas bicicletas, entre outros restos. Despoños que nalgúns casos volveron aparecer nas seguintes xornadas. O sábado 3 de setembro retírase media tonelada máis. Desta volta atopouse outra neveira, un somier de cama, un fregadeiro, outra roda de camión e un arado de ferro.

Non obstante, o máis custoso de limpar foi o lixo máis pequeno e abundante como rodas, latas, botellas, plásticos, sacos, etc., así como moitos metros de arames de espiños. Despoños que se retiraron en maior cantidade na última xornada de limpeza realizada, o sábado



Os voluntarios limparon os 9 km do couro do río

10 de setembro.

Foron tres días nos que se limparon os 9 Km do couro do Furelos.

Todas as xornadas comezaron ás dez da mañá e, despois de repórter forzas cun xantar ofrecido gratuitamente pola Asociación de Troiteiros Río Furelos, na propia áera recreativa do río, continuaron cos traballos de limpeza dende as catro da tarde.

O presidente da Asociación organizadora destes traballos, Xabier Pazo, amosou a súa satisfacción pola boa acollida que tiveron estas xornadas de limpeza. Segundo afirmou "foron un gran éxito non só polo retirar máis de 2'5 toneladas de lixo do Furelos, senón porque se conseguiu concienciar á xente do coidado do

nosos río".

O éxito das xornadas e a satisfacción dos participantes nas mesmas animounos a repetir esta experiencia de xeito máis regular, polo que decidiron converterse en vixiantes e defensores do Furelos. Desta forma acordaron que se van xuntar o terceiro sábado de cada mes para seguir facendo un seguemento constante do estado do río, e evitar, desta forma, que se sigan a facer verquidos nas augas do río.

Con estas xornadas de limpeza, a Asociación de Troiteiros quere facer un chamamento a toda a cidadanía para que non tiren lixo nos ríos, non só polo dano que se causa no medio ambiente, senón porque resulta perxudicial para nós mesmos.

Comezan as escolas culturais e deportivas de Melide

Pimpón e iniciación ao francés son as novidades deste ano

Redacción
Melide

Un total de dezanove escolas, ás que hai que engadir as actividades da piscina municipal e do conservatorio, empezaron o curso neste mes de outubro. Destas, case a metade son escolas deportivas, dirixidas a nenos e nenas de entre 3 e 18 anos. A actividade máis demandada é, sen dúbida, a do fútbol sala, que se divide en seis categorías segundo a idade dos participantes. Pero os que prefiran outros deportes, poden elixir entre o bádminton, o baloncesto, a patinaxe e, como novidade este ano, o pimpón, unha escola na que xa formalizaron a súa matrícula cinco alumnos. Outra das novidades ofertadas esta tempada pola Concellería de Cultura e Deportes é o curso de iniciación ao francés, programado desde o Concello tendo en conta "que a vila está ubicada no camiño de Santiago e que son moitos os peregrinos que falan este idioma". Dentro das actividades culturais está tamén o curso de pintura, dividido en dous grupos por idades,

e que cada ano recibe un bo número de alumnos. Na pasada tempada, por exemplo, o curso para nenos tivo 18 participantes, que espuxeron as súas obras en maio no Edificio Multiusos.

A informática tampouco falta na oferta do Concello, que abre un curso de nivel básico e outro de nivel medio, así como un terceiro de mecánografía.

E para os afeccionados á arte do baile, está aberta una escola de ballet clásico para alumnos desde os 3 anos de idade, outra de baile moderno para todas as idades, e unha terceira de Música e Movemento. Ésta impártese no conservatorio e vai dirixida a nenos de entre 4 e 8 anos, que aínda non teñen idade para comezar os cursos propios do conservatorio de grao medio.

Por último, a oferta de actividades municipais complétase coas prácticas de aprendizaxe e entretemento na piscina municipal. Desde natación para bebés e para adultos ata masaxes, pasando por clases de aquaerobic e step.



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)**

Telf.: 981505468


Efemérides Melidás

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

Arquivos: Parroquial, Xulgado de Melide, prensa da época, Casa de Pita

NAUFRAXIO

Falece Dolores Cea Ferraces, de San Salvador de Abeancos, no naufraxio do vapor "Santa Isabel", camiño da emigración, o 2 de xaneiro de 1921.



Imaxe do "Santa Isabel"

Dolores Cea Ferraces nace o 4 de abril de 1901, en San Salvador de Abeancos, filla de Manuel Cea Prado e de Ramona Ferraces, labregos, naturais e veciños de San Salvador. Neta de Cayetana Prado (Sta. María da Capela) e José Cea Montero (San Salvador), e de José Ferraces e Ramona Soto (Santa María dos Ánxeles).

Foron tetemuñas no Rexistro Civil os irmáns Sebastián e Venancio Gómez Fernández, de Melide, do Comercio "Casa Bastián". Dolores, co permiso dos seus pais, quixo emigrar para América, daquela a esperanza do porvir para moitos galegos/as. Embarcou no peirao da Coruña á unha da tarde do domingo 1 de xaneiro de 1921, no vapor "Santa Isabel", sendo destino Cádiz, para logo transbordar a un vapor de maior capacidade e

potencia con destino a América do Sul. Despois da Coruña, as seguintes escalas eran Vilagarcía e Vigo.

A madrugada do día 2 de xaneiro, o "Santa Isabel" embarrancou nuns baixos da Illa de Sálvora, na bocana da ría de Arousa, partindo en dous e naufragando en pouco tempo. Faleceron 213 persoas, entre elas Dolores, habendo 56 supervivintes; 27 tripulantes e 29 pasaxeiros. No salvamento tiveron moita importancia os veciños da Illa de Sálvora, que daquela estaba habitada.

Non consta en qué cemiterio está soterrada Dolores. O vapor "Santa Isabel" era da "Cía. Atlántica Española", cun rexistro bruto de 2.492 Tm, botado en Cádiz en 1915, e con capacidade para 80 tripulantes e 528 pasaxeiros.

TRASLADO DO CRUCEIRO

No ano 1932, sendo crego párroco don Domingo Lamas Basanta, trasladouse o Cruceiro que se atopaba no Cruceiro (esquina Avda. Toques e Friol, á beira da casa de D. Eladio García R.), por mor dunha nova aliñación, ao Castelo, xunto a Capela do Carme.




Vista de O Castelo sen cruceiro. Anos 20.

CONCENTRACIÓN DE LABREGOS

O 17 de abril de 1934, na Praza do Convento de Melide, e de fronte á Casa do Concello, despois de pasar por varias rúas, concentráronse, asegúñ fontes da época, dous mil labregos, motivados contra unha real ou suposta falla de millo, debido ao acaparamento deste gran por parte de intermediarios para logo vende-lo fóra.


A maioría eran da bisbarra "Terra de Melide", sen estar organizados por sindicato algún... aínda que daquela, a CNT tiña unha certa implantación en Melide. Os días anteriores, os labregos cacheaban os coches que pasaban pola bisbarra, para controlar se, efectivamente, o millo era para vender fóra. Na concentración do 17, os Gardas Cívís eran poucos, e por orde do gobernador civil viñeron da Coruña vinte Gardas de Asalto (hoxendía sería a Policía Nacional) que tiveron que cargar. Foron momentos nos que houbo moita confusión. Sonaron varios tiros e un veciño de 24 anos do Leboreiro quedou ferido na estrada, e o curou o médico local. Os que detiveron, leváronnos o día seguinte á Coruña, onde os xulgaron e lles meteron varios pequenos arrestos e multas. Naqueles anos había unha grande penuria e fame, que levantou os labregos, de xeito espontáneo, por mor da carencia do millo.

Curiosidades



Mapa de estradas de Galicia do ano 1917. Pódese observar o cambio que, en case 90 anos, experimentou o trazado das vías de comunicación en todo o país, en xeral, e en Melide, en particular. Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez. Casa de Pita.

O humor de onte



Viñeta de Cebreiro publicada en El Ideal Gallego. Ano 1955.

A caza maior acaba de comezar...

Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez (Casa de Pita)

Galicia: teoría "pista-poste"

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

En demasiadas ocasións, a imaxe positiva que poida terse dun goberno depende da cantidade de metros cadrados de cemento cos que cubra o seu territorio. En Galicia, onde se teñen dado mortes por centímetros de terra, a política urbanística resístese a abandonar a teoría da multiplicación de pista-poste. Máis aló de dotar ás poboacións dos servizos imprescindibles (luz, comunicacións decentes, pavimentos presentables,...) sempre suma puntos, sobre todo se sae de boca de políticos, vender proxectos innovadores, presentados unha e outra vez, e sustentados na ampliación de pistas, no deseño de novos trazados e na multiplicación do uso dos camiños de grava.

É certo que Galicia ten unha historia particularmente pobre en canto a infraestruturas, pero esa apertura de miras que supostamente nos tiña que beneficiar estase convertendo nun mapa atravesado en todos os seus recunchos por proxectos pensados para outro tipo de país. A ideosincrasia dun pobo é única e inexportable, por iso, nela inclúense máis cousas que a cultura, a fala, os costumes e a gastronomía. Non podemos deseñar da mesma maneira as comunicacións de Galicia e de Cataluña ou da Habana. Se cadra o que falla aquí é que seguimos contando con cabezas pensantes que teñen a súa orixe lonxe da nosa, e que polo tanto non se pode "pensar con men-

talidade galega". Esa é unha das cousas que non se pode adquirir co tempo, aínda que a vida te arrastre a Galicia.

Se cadra hai quen pensa que esta é unha postura que nega o progreso, que ataca o avance, mais nada máis lonxe da realidade. Claro que cómpren infraestruturas, quilómetros de estrada, autopistas, autovías e construcións que aporten novos servizos a este país que tanto os precisa. Pero para botalos a andar hai que buscar a maneira de non rachar con todo o que a natureza nos ten dado, porque do contrario o entorno que configura Galicia deixará de existir, e axiña seremos unha colonia máis dun país homoxéneo.

Mundo Misterioso Os aquelarres

Travesía cara o descoñecido

ÁNGEL CURTIS

A cerimonia ou manifestación máis importante do culto a Satán foi sempre a dos chamados "aque-larres", onde se reunían bruxos e bruxas presididos polo mesmo Satán e, de non asistir éste, facíao un cualificado oficiante. Etimoloxicamente, a palabra "aquelarre" é de orixe vasca; significa "macho cabrío en prado", aínda que hai quen opina que aos aquelarres, antes, chamábaselles sinagogas. O aquelarre daba comezo unha vez reunidos bruxos e bruxas nunha verde e fermosa pradeira. A meiga máis atractiva e, a ser posible casada (así cometía dobre pecado, é dicir, o de o adulterio e o da luxuria) colocábase á dereita de Satán ou do seu representante. Á súa esquerda, a meiga máis experta en brebaxes e velenos. Todo isto iluminado por un círculo de lume e por montóns de cirios negros, cruces en posición invertida, etc. Todo o diabólico tiña lugar nos aquelarres. Profanábase todo o considerado divino, realizábanse toda clase de excesos e as prácticas sexuais máis aberrantes,

(incesto, zoofilia, etc.) e, para finalizar, celebrábase a famosa "misa negra", así a ofensa a Deus quedaba concluída, o diaño desaparecía e os bruxos e bruxas dispersábanse.

Estes e outros relatos foron confesados por milleiros de mulleres baixo as torturas da inquisición, forzando en moitas ocasións a súa imaxinación para comprar os seus fanáticos perseguidores. Cando na primeira metade do século XV, en Francia e Suíza, comezaron as torturas, os poderes e obscenidades atribuídos aos aquelarres foron tremendamente esaxerados cobrando proporcións monstruosas.

A mesma denuncia de que alguén era pagán, bruxo ou herexe, levaba a éste a ser torturado, confesando todo o que eles quixeran.

A inquisición foi algo do que a Igrexa nunca se arrepentirá o suficiente. Queimou supostas meigas publicamente, colgou "san-benitos" e difamou sen ton nin son.

En suma, as meigas foron o gran crime da Igrexa, como xa escribira alguén...

O Melide de onte



Orquesta "Romántica" de San Román (Santiso-A Coruña). Ano 1955.
Arquivo: Ramiro García Sánchez
Vilameá - San Román - Santiso

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051

E-mail: angel_curtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com

Teléfonos de
interese

URXENCIAS		
UrxenciasSanitarias.....061	Consevatorio	981507100
Bombeiros.....080		
Incencios Forestais.....085	Polideportivo	981507752
ORDE PÚBLICA		
Policía Municipal		
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade	981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis	981505390
Policía Nacional.....091		
Garda Civil		
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino	660396822
S.O.S		
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional	981505003
Protec.Civil.....670498848	A.S.E.T.E.M	981506188
TRANSPORTES		
Renfe		
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide	981507244
A Coruña	I.E.S. de Melide	981505162
Santiago	C.E.I.P nº1.....	981505238
Autobuses		
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº2.....	981505929
Santiago.....981542416	Gardería.....	981505003
Melide.....981505204	U.A.F. de Melide	981 507742
Aeropostos		
A Coruña.....981187200	SANTISO	
Santiago.....981547500	Casa do Concello	981818501
Vigo.....986268200	Centro de Saúde	
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		
Atención ao cidadán	Agrochao.....	981517803
981120012	Visantoña.....	981510749
Valedor do pobo	Xulgado de Paz	981 818501
981571900	SOBRADO	
Economía facenda	Casa do Concello	981787508
981545151	Desenvolvemento local	981787508
Industria e Comercio	Centro de Saúde	981787744
981544341	Mosteiro de Sobrado	981787509
Sevizo Galego Colocación	Xulgado de Paz	981787508
981125000	TOQUES	
Teléfono da Muller	Casa do Concello	981505826
900400273	Centro de Saúde	981507301
Teléfono do Menor	Xulgado de Paz	981505826
900444222	MELIDE	
Dirección Xeral de Tráfico	Casa do Concello	981505003
900125505	Centro de Saúde	981506176
Correos.....902197197		
Auga.....981242322		
Electricidade.....981147200		
Gas.....900760760		
MELIDE		
Casa do Concello		981505003
Centro de Saúde		981506176
Servizos Sociais		981505012

Autobuses

MELIDE - A CORUNA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
Parada fronte á Cafetería Marta	Parada fronte á Pizzería Xoldra
A CORUÑA - MELIDE	MELIDE - LUGO
De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	De luns a venres: 7.55,10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
De luns a venres: Non hai liña Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
Parada fronte á Cafetería Marta	Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
De luns a venres: Non hai liña Sábados: 10.30 Domingos e festivos: 17.00	Martes e venres lab- orables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE	
De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	
Parada fronte á Cafetería Marta	
OURENSE - MELIDE	
De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

Actos

OUTUBRO
Sábado 15: Ábrese o prazo de inscrición da XII Liga Local de Fútbol Sala.
Mércores 19: Charla informativa sobre “O consumo responsable” no Centro Social da Vila.
Martes 25: Taller de relaxación. Repetirase todos os martes.
Mércores 26: Charla informativa sobre “Aforro enerxético e etiquetado enerxético”
Domingo 30: Celebración do Magosto no Pazo de Congresos e Exposicións, organizado polo Concello de Melide. Degustación gratuíta de refrescos e castañas do país.
Luns 31: Remata o prazo de inscrición da XII Liga Local de Fútbol Sala.
NOVEMBRO
Martes 1: Celebración do Magosto da Terceira Idade, ás 18:30 h, no Centro Social de Melide.
Martes 1: Fin do prazo de inscrición nos cursos de informática e inglés comercial en ASETEM.
Sábado 5: Comezo da Liga Local de Fútbol Sala no Pavillón de deportes.
Luns 7: Seminario de “Internet como instrumento para a investigación de mercados e a comercialización” no Edificio Multiusos. 4 horas de duración. Inscrición na Antena Cameral de Melide (Casa do Concello).

A empresa eléctrica melidense abastece de enerxía a toda a bisbarra desde hai case cen anos

“Os melidenses tiveron luz antes que os de A Coruña”

Dende 1906, Fuciños Rivas é o referente enerxético de Melide. Nese ano chegaba, por vez primeira aos fogares do municipio, un dos bens máis prezados: a luz. Era un tesouro provisional que só duraba o que tardaba en esgotarse a auga do río Furelos, onde Fuciños Rivas montou a súa primeira minicentral. O xerente de Rivas Fuciños asegura

que a luz chegou a Melide antes que a A Coruña. Hoxe, con dúas novas instalacións creadas en 1922 e 1937 abastece a 4000 usuarios dos concellos de Melide, Santiso e Agolada. Cada ano son máis dun centenar de clientes os que confían en Fuciños Rivas que mantén que o seu obxectivo para medrar é garantir un servizo de calidade.

Natalia Penas
Melide

A piques de cumprir cen anos, como é o sector enerxético en Melide?

É un caso moi peculiar porque a luz en Melide era toda de Fuciños Rivas ata que Unión Fenosa entrou na nosa zona de comercialización e hoxe en día conviven as dúas comercializadoras. O que motivaba casos anecdóticos como que, nun mesmo edificio, haxa os dous subministros. Agora cada vez menos. Pero era frecuente que cando saltaba unha das liñas, cambiábase o machete e funcionaban coa outra.

Cen anos de servizo e preto de 75 competindo cunha das grandes eléctricas do estado, como se fai?

O éxito desta empresa é a cercanía co cliente. O trato directo, o estar aquí, que un cliente veña a oficina e faga unha reclamación e que, automaticamente, salgas e lle atendas esa petición. Penso que esta é a base da supervivencia deste tipo de empresas que, digamos, non se deshumanizaron como o fixeron as grandes eléctricas.

E en 1992 asinamos un convenio entre as dúas para acabar coas tentativas que había por parte de Fenosa de facerse con esta empresa, quitándolle clientes. Con ese acordo acabábase esa competencia e deixábase que fora o cliente quen escollese a distribuidora eléctrica que quería. Nese senso, as



Miguel A. López leva 15 anos dirixindo unha empresa que mira de fronte ás grandes

perspectivas de cara o futuro son boas, porque Melide nos apoia e sobrevivimos grazas a eles.

Fostes pioneiros, entón, na liberalización do sector?

Si, á forza, porque había dúas infraestruturas e iso significa duplicar custos nas instalacións, o que non redundaba obrigatoriamente nun mellor servizo.

Os problemas tamén evolucionaron?

Ata hai uns anos, os problemas eran as caídas de tensión, pero solucionáronse coas novas instalacións. Hoxe os problemas de Melide son os mesmos que os que padece unha gran cidade. Quizais, o problema céntrase máis no rural, debido ao aumento do consumo, xa que moitas das instala-

cións quedaron antigas. Antes, nunha casa da aldea rural non había nada, tiñan as catro bombillas, a neveira e a lavadora. Hoxe é raro a casa que non teña un tanque de frío, maquinaria agrícola eléctrica... Entón o problema débese-

infraestruturas, que claro, para unha empresa como a nosa, que factura preto de 150 millóns ao ano, son moitos cartos.

Todo o que recadamos estámolo volcando nas infraestruturas. Este ano temos un investimento previsto de 60 millóns de pesetas. Esperamos que se faga un novo plan enerxético, porque se non, os investimentos serán inasumibles e irán destinados ao mantemento da rede existente. Unha empresa coma a nosa non pode seguir este ritmo de investimentos sen axuda estatal.

Como se pode xustificar ese investimento?

Nós estamos pechando un anel de media tensión arredor de Melide e, unha vez rematado, o noso traballo

será, ademais de modernizar as instalacións de baixa tensión, aumentar a tensión dos transformadores, porque está crescendo a un ritmo parello á construción. Canto máis se constrúa, máis consumos haberá e máis necesidades de potencia instalada.

Este ano colocaremos dous novos intaladores e o ano pasado fixemos a conexión coa subestación de Fenosa e coa liña de media tensión que imos facer en Furelos pecharemos o anel de Melide. Non se poden facer previsións a moi longo prazo porque iso depende da zona e da evolución do propio sector.

Temor ás grandes?

Non parece que vaia haber problemas porque non lles é rendible facer investimentos aquí, pola ruralización das empresas. Custa máis investir aquí que nas cidades.

Cales son os planos de futuro de Fuciños Rivas?

Non estamos pechados a ir máis alá da comarca, pero o primordial para Fuciños Rivas é deixar a súa zona actual de distribución totalmente terminada. Non queremos estirarnos máis alá das nosas fronteiras sen antes ter o de dentro solucionado. O crecemento dunha empresa enerxética é pouco a pouco, e as nosas instrucións son deixar a rede enerxética de Melide perfecta. A partir de aí veremos. Mentras Melide continúe medrando, todos os nosos esforzos estarán dirixidos aquí.

“Mentras Melide continúe medrando, todos os nosos esforzos estarán dirixidos aquí”



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº10. 15 de outubro -15 de novembro de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com



Melligas, s.l.

*Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)*



*Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158*



Tfno.: 981 50 56 12
Móvil: 610 44 61 03

C/. Vispo Varela Fondevila e Vereas, nº. 7
15800 MELIDE (A Coruña)